


INFORME TÉCNICO



Expedente PCO.001.2016.00395: Contrato de Subministración dunha máquina Pregadora con destino á Imprenta Provincial (procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración)

Asunto: Valoración das Referencias técnicas non valorables automaticamente incluídas no sobre B.

Conforme ao epígrafe 14. *Apertura de plicas e adxudicación* do Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP):

"Diferenciaráanse dúas fases de valoración das ofertas

1ª Fase: Valoración dos criterios de adxudicación do procedemento aberto con multiplicidade de criterios non evaluables automaticamente.

Aos efectos previstos na primeira fase, polo Comité de Expertos o Organismo Técnico Especializado (cua composición designarase polo órgano de contratación a proposta da Mesa de Contratación) emitirásese informe técnico debidamente motivado respecto dos factores de adxudicación do procedemento aberto con multiplicidade de criterios non valorables de forma automática, á vista da documentación incluída polos licitadores no sobre B: "Referencias técnicas non valorables automaticamente".

Por Resolución de Presidencia número 2017/16850 de data 26/05/2017 e a proposta da Mesa de Contratación designanse aos membros do Comité de Expertos para emitir informe sobre as ofertas presentadas na contratación para o Subministro dunha máquina Pregadora con destino á Imprenta Provincial:

- ✓ Encargado Imprenta Provincial
- ✓ Oficial Imprenta
- ✓ Enxeñeiro Técnico Industrial

Jesús Ángel Suárez García
Carlos Javier López Corral
Isabel Pena Barca

Segundo o Anexo nº 3 *Documentación a incluír no sobre B "Referencias técnicas non valorables automaticamente"* do PCAP:

Contendrá a seguinte documentación:



SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA A MUNICIPIOS

a) **Ficha descriptiva da oferta.** É obrigatorio cumprimentar a táboa que figura a continuación.

Ficha descriptiva da oferta	
<i>Importante: Os licitadores estarán obrigados a cumprimentar os datos que figuran nesta ficha. As ofertas que non inclúan a ficha descriptiva non serán valoradas.</i>	
Identificación do ben ofertado	
Marca	
Modelo	
Características técnicas	Descrición da oferta
Marcador	
Primeira estación	
Segunda estación	
Salida	
Dispositivo de corte, fendido e perforado	
Formato mínimo	
Formato máximo	

A presentación de catálogos en calquera soporte non exime da presentación da ficha descriptiva da oferta; en caso de discrepancia entre os documentos prevalecerá a información proporcionada polo licitador na ficha descriptiva. Non se terán en conta as ofertas que non inclúan a ficha descriptiva.

Conforme ao Anexo nº 2 **Criterios de valoración para a adxudicación do contrato do PCAP:**

"Dacordo co establecido na cláusula 14.2, os criterios para a adxudicación do procedemento aberto son os seguintes:

Fase I: Criterios non evaluables de forma automática

CRITERIO	PUNTUACIÓN
Características técnicas e funcionais dos bens	
Valoraránse as maiores prestacións e funcionalidades sobre as establecidas	<i>Ata 20 puntos</i>
Servizo técnico e servizo postventa	
Valoraránse o programa e condicións do servizo técnico e do servizo potsventa	<i>Ata 20 puntos</i>

Non se exige puntuación mínima para pasar á Fase II

En base á análise da documentación presentada polos licitadores HEIDELBERG SPAIN, S.L.U., EQUIPOS Y MAQUINARIA GRÁFICA, S.L. e JOSÉ ANTONIO GACIO LATA e tendo en conta os criterios de puntuación extraídos do PCAP, facendo fincapé en que os criterios non evaluables automaticamente mediante fórmula matemática dependen dun xuízo de valor, este Comité de Expertos propón a puntuación da empresa que se detalla a continuación:



SERVICIO DE ASISTENCIA TÉCNICA A MUNICIPIOS

EMPRESAS	CRITERIO		PUNTUACION TOTAL
	Características técnicas e funcionais dos bens	Servizo técnico e servizo postventa	
	<i>Ata 20 puntos</i>	<i>Ata 20 puntos</i>	
HEIDELBERG SPAIN, S.L.U	12	10	22
EQUIPOS Y MAQUINARIA GRÁFICA, S.L.	10	8	18
JOSÉ ANTONIO GACIO LATA	18	18	36

Emítase o presente informe, sometido a opinións mellor fundadas, a petición da Mesa de Contratación.

En relación co apartado I_ Características técnicas e funcionais dos bens _ Considérase que as empresas licitantes cumpren co o especificado no prego de prescricións técnicas, tanto nas súas prestacións, funcionalidade, contido e concreción.

Destaca de entre as tres ofertas, a empresa JOSÉ ANTONIO GACIO LATA, mellorando substancialmente as prestacións da máquina pregadora nos seguintes apartados:

- _ A guía lateral do Marcador está recuberta cun tratamento antiestático.
- _ A Primeira Estación conta con 2 bolsas laterais adicionais.
- _ A Segunda Estación conta cunha coitela móvil reversible de sinxela instalación.
- _ A Saída presenta dúas versións, unha fixa e a outra móvil.
- _ Os rangos dos Formatos máximo e mínimo axústanse mellor as necesidades dos traballos a realizar.
- _ A máquina ofertada inclúe unha pantalla táctil con 17 patróns preprogramados con almacenaxe de 200 traballos na memoria.

No criterio II_ Servizo técnico e servizo postventa_ A empresa que ofrece maior prazo de garantía en pezas y man de obra, é JOSÉ ANTONIO GACIO LATA, e que conta con servizo propio na provincia de A Coruña.



**Deputación
DA CORUÑA**

SERVICIO DE ASISTENCIA TÉCNICA A MUNICIPIOS

A empresa EQUIPOS Y MAQUINARIA GRÁFICA, S.L., oferta un técnico colaborador en A Coruña e a empresa HEIDELBERG SPAIN, S.L.U, oferta un ano de garantía con servizo técnico en España.

A Coruña, 9 de xuño de 2017

Encargado Imprenta Provincial

Jesús Ángel Suárez García

Oficial Imprenta

Carlos Javier López Corral

Enxeñeiro Técnico Industrial

Isabel Peña Barca